



OS TRABALLOS DE RESTAURACIÓN DA CAMPAÑA 2008 NO CASTRO DE VILADONGA

Gonzalo Buceta Bruneti*

Carolina Pérez Pérez**

“Yo soy conservador porque siempre me ha parecido absurdo que los hombres añadan sus facultades intelectuales y su fuerza material al incesante trabajo de destrucción que realiza constantemente e implacablemente la naturaleza... Si todas las cosas están destinadas a caer, porque esta es su ley fatal, lo más razonable es apuntalarlas, si es posible” (Pla, 1968, 280)



1 Vista xeral do barrio central

A pasada campaña 2008 no Castro de Viladonga incluíu, coma sempre, traballos de escavación paralelos aos de conservación-restauración que tiveron algunhas novidades destacables que achegamos neste artigo.

Por primeira vez o equipo técnico estivo integrado polas empresas: *AXA Arqueoloxía S.C.* e *BIC Materiales y Conservación S.L.L.*, especializada en traballos de

conservación e restauración de restos arqueolóxicos. A dirección arqueolóxica foi levada a cabo polo arqueólogo Emilio Ramil González e a dirección de conservación-restauración polo restaurador Gonzalo Buceta Bruneti, que achegou a súa experiencia neste campo. Os resultados dos traballos realizados por este equipo interdisciplinario foron moi enriquecedores e beneficiosos para a conservación do castro.

Destacamos tamén que foi a campaña máis longa e de maior partida económica dedicada á conservación-restauración das estruturas, condicións moi necesarias para avanzar na urxente necesidade de conservación integral do castro. Ata o momento os traballos de restauración paralelos ás escavacións eran destinados a solucionar problemas puntuais e urxentes ou consolidar estruturas recentemente exhumadas, polo que nesta campaña foi a primeira vez que se interveu nun barrio completo de forma integral.

Hai que sinalar, ademais, que para planificar estes traballos se tomou como punto de partida o estudo feito polo GEMAP¹, dirixido por Benita Silva Hermo, onde previamente se analizaron os factores de deterioración do castro e levouse a cabo un detallado mapeo da localización das alteracións. Este traballo facilitou a fase de diagnose e axudou a realizar o catálogo das alteracións tanto dos materiais construtivos como das estruturas.

Seguidamente imos relatar o máis salientable de todo o complexo proceso de restauración nesta campaña 2008.

¹Análise dos factores de degradación do Castro de Viladonga. *Desenho dunha estratexia de conservación* Grupo de Estudos Medioambientais aplicados ao Patrimonio. Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola da USC. Informe inédito.


* Restaurador de BIC Materiales y Conservación S.L.L.

** Restauradora do Museo do Castro de Viladonga.

A SELECCIÓN DA ÁREA INTERVIDA

A primeira fase do proceso foi determinar a área que precisaba unha intervención máis urxente. A zona seleccionada corresponde ao barrio central (Fig.1) que abrangue 17 estruturas completas. Debemos ter en conta que unha parte desta zona xa foi restaurada anteriormente, na campaña 2006 e tamén por isto decidimos continuar nesta área e deste xeito poder completar a súa restauración. O nivel de risco e o grao de deterioración foron determinantes para dar prioridade á intervención nesta zona.

Ademais do barrio central os traballos de restauración desenvolvéronse na área na que se escavou neste ano 2008, onde se descubriron dúas vivendas de planta cuadrangular; tamén se actuou no acondicionamento da entrada leste. Estas zonas presentaban necesidades urxentes de conservación.



2.1 Plano da área seleccionada



2.2 Mapa de alteracións

A fase de diagnose determinou a proposta de tratamento; así cada estrutura, dependendo das alteracións que presentaba, terá un tratamento específico e individualizado. En liñas xerais, o proceso de restauración de cada estrutura despois da **diagnose e análise** ten unha fase de **limpeza**; a continuación o **desmonte de laxes** (Fig.3.2) nos casos que se precise e despois a **restitución de paramentos** enteiros (Fig.3.4), ou dunha parte deles en derrubas parciais. No caso de restituír paramentos completos, antes de desmontalos faise un debuxo (Fig.3.1) de todo o muro e numérase cada laxe para despois colocar cada pedra no sitio orixinal sempre que sexa posible.

Outras actuacións son os **recalzados** das bases dos muros para recuperar a estabilidade dos alicerces e a substitución de laxes da lousa deteriorada por laxes en bo estado (Fig.3.3). Para finalizar, en cada estrutura colocouse unha **protección da cabeceira dos muros** (3.5) composta por unha laxe de lousa e, sobre ela, un terrón vexetal. Esta capa de protección ten a finalidade de preservar os muros das alteracións derivadas fundamentalmente da acción da auga.²



3.1 Debuxo dun muro

² Pérez Pérez, Carolina (2005): "Aproximación ao estado de conservación das estruturas do Castro de Viladonga", *Croa* Nº 15, pp. 7-13.



3.2 Desmonte dun muro



3.5 Protección da cabeceira dos muros



3.3 Substitución de laxes deterioradas por outras en bo estado



3.4 Colocación de morteiro e pedra

OS ESTUDOS PREVIOS: DIAGNOSE E ANALÍTICA

A primeira novidade que cómpre destacar é a fase previa de diagnose e analítica, na que se elaborou un exhaustivo catálogo de fichas nas que se describiron as patoloxías de cada estrutura. Este catálogo, así como todos os datos extraídos, presentouse na memoria final onde toda esta información queda rexistrada como documentación para futuras actuacións.

Unha vez realizado o catálogo da tipoloxía das alteracións procedeu a unha detallada descrición de cada estrutura a intervir e das súas patoloxías para poder determinar cada proposta de tratamento individualizada. Paralelamente trazouse un mapa detallado da localización das alteracións (Fig.2.2).

Cada estrutura foi descrita a medida que se ía limpando, o que facilitou a lectura dos muros e da súa tipoloxía construtiva. En moitas ocasións na capa vexetal que cobre as cabeceiras dos muros ou entre as laxes, acumúlase gran cantidade de terra e incluso vexetación, que impiden a correcta lectura da súa tipoloxía. A limpeza e resntauración contribúen non só á conservación dos muros senón tamén a facilitar a súa lectura e, polo tanto, a súa comprensión.

AS PROBAS DE MATERIAIS.

Destacamos a realización de **probas de materiais** para que sexan máis axeitados coas estruturas, tanto funcional como esteticamente, e cumpran o criterio de compatibilidade imprescindible nunha correcta actuación. A través das probas de argamasa, nas que se engadiron ao morteiro de cal e area³ diferentes pigmentos naturais, acadáronse unha cor e unha textura que se integran e harmonizan cos materiais orixinais (Fig.4).

A proposta de materiais está explicada moi polo miúdo no proxecto inicial: tipo de cal, áridos, pigmentos etc. Na memoria final inclúese unha ficha técnica de cada material utilizado e a súa xustificación.



4 Probas de morteiros

Debemos comentar que se fixo unha proba experimental dun tratamento de consolidación da estrutura interna dos muros. Esta proba consistiu na aplicación dun consolidante orgánico para poder comprobar se dá bos resultados a longo prazo. Fixéronse inxeccións do consolidante (Fig.5) en varios furados ao longo do muro, onde se deixaron inseridos tubos para inxectar. Esta operación repetírase cada certo tempo e haberá que comprobar se o consolidante reforza a estrutura interna e produce maior estabilidade e polo tanto maior durabilidade. Se esta proba dese bos resultados poderíamos aplicala noutros muros.

³ Decreto 798/1975, de 3 de abril polo que se dispón que nas obras e monumentos ou conxuntos histórico-artísticos se empregue, sempre que sexa posible, materiais e técnicas tradicionais.



5 Inxección de consolidante.

O REFORZO ESTRUCTURAL DO INTERIOR DOS MUROS E A DRENAXE DOS PAVIMENTOS.

Na reconstrución de paramentos completos, como o caso que imos explicar, que se corresponde ao Espazo 12 (S-31/S-32) (Fig.6.1), fíxose un reforzo estrutural interno para asegurar a súa durabilidade. Este muro presentaba un arqueamento importante como consecuencia da presión do pavimento contiguo, o Espazo 13 (S-30/T-30/S-31/T-31), que está nunha cota máis elevada. O peso da terra fai presión sobre o muro e ademais facilita que a auga se filtre e amoleza o interior do muro provocando o arqueamento e o risco de derruba.

O tratamento desta estrutura é dobremente interesante: por un lado, polo uso innovador deste reforzo interno cunha armazón de variñas de fibra de vidro (Fig.6.2); por outro lado, pola colocación dunha drenaxe (Fig.6.3) no pavimento da estrutura contigua, Espazo 13, para illar da filtración da auga.

Para facer a drenaxe levantouse a capa vexetal; despois colocouse unha membrana autodrenante e a continuación unha capa de grava para finalmente cubrir todo coa capa vexetal (Fig.6.4). O resultado foi moi bo e polo momento a drenaxe funciona correctamente, xa que o muro na época de choiva se mantén seco.



6.1 Estado inicial



6.2 Colocación dunha armazón de fibra de vidro



6.3 Colocación da drenaxe



6.4 Estado final

A RECUPERACIÓN DUNHA PEQUENA FIESTRA

Na intervención no Espazo 7 (R-34/S-34/R-35/S35) destacamos a recuperación dun elemento construtivo oculto polas alteracións ao longo do tempo. Durante a limpeza atopouse un oco, unha pequena fiestra no paramento, que podería empregarse para aireación. Este muro presentaba importantes alteracións e foi preciso o seu desmonte e restitución completa; neste proceso de restauración foi cando se fixo esta interesante redescuberta (Fig.7.1/7.2).

Ao revisar a documentación fotográfica antiga comprobouse que nunha fotografía das escavacións dos anos setenta (Fig.7.3) xa aparecía este pequeno oco, polo que presupoñemos que a falta de mantemento produciu a acumulación de terra que ocultou este elemento construtivo.

Unha vez máis destacamos que a restauración é unha disciplina auxiliar e complementaria, neste caso, da arqueoloxía. Nesta fase de limpeza e desmonte do muro recuperamos unha importante documentación perdida. Podemos constatar a evolución da restauración ao longo destes anos nas estruturas do castro: mentres nos anos oitenta os traballos se baseaban no bo facer e na experiencia de profesionais como canteiros e peóns, actualmente a restauración é realizada por restauradores profesionais especializados, con rigorosidade e metodoloxía científica.

Polo tanto, para os estudos e a investigación de bens culturais a contribución da restauración é moi importante.



7.1 Estado inicial antes da intervención



7.2 Estado final tras a restauración do muro



7.3 Escavación dos anos 70. Descuberta do oco no muro

O ACONDICIONAMENTO DA ENTRADA LESTE.

O acondicionamento da entrada leste (Fig.8.1) foi un dos traballos urxentes desta campaña, posto que se trata da entrada principal ao castro e debe ofrecer as condicións de accesibilidade e seguridade necesarias para o acceso de todo tipo de público. Para obter estes obxectivos cubriuse o pavimento orixinal cun xeotéxtil (Fig.8.2) que protexe os restos do empedrado orixinal e por riba reenchese con grava de lousa apisoada mecanicamente para que a superficie quede nivelada,

de xeito que facilite o acceso e a choiva non produza a indesexable lama (Fig.8.3).

Esta actuación estivo condicionada polo criterio do museo, xa que é prioritario que a entrada sexa accesible a persoas con discapacidade física e que poidan acceder nas cadeiras de rodas.

Asemade realizouse un recalzado dos alicerces da muralla (Fig.9.1, 9.2, 9.3).



8.1 Entrada antes da intervención



8.3 Entrada acondicionada



8.2 Colocación de xeotéxtil



9.1 Muro descalzado



9.2 Recalzando o muro



10.1 Esteado provisional



9.3 Estado final



10.2 Protección con xeotéxtil

ACTUACIÓN PROVISIONAL NA ÁREA ESCAVADA

Na área exhumada na campaña 2008 realizouse unha actuación provisional de conservación que será completada coa intervención na futura campaña do 2009. Para protexer as estruturas escavadas procedeuse a un esteado (10.1) dos muros que presentaban maior inestabilidade. Os pavimentos delicados cubríronse con xeotéxtil (10.2) e despois con terra que será retirada cando se vaia rematar a escavación de toda a área.

CONCLUSIÓNS

Para finalizar queremos facer fincapé en que este artigo é unha breve achega a un proceso complexo e moi difícil de resumir. Os interesados poden consultar no museo os informes nos que están descritos exhaustivamente todos os tratamentos.

Os traballos desenvolvidos supoñen grandes avances na conservación do castro: por un lado, a nivel técnico, metodolóxico e nos materiais utilizados que garanten a preservación do asentamento; por outro lado, os resultados da intervención facilitan a lectura das estruturas e polo tanto, axudan a unha mellor comprensión dos restos arqueolóxicos.

Mais outra contribución moi importante é a mellora estética do asentamento, necesaria para acadar a finalidade última da conservación do patrimonio arqueolóxico, que é o seu uso e goce por toda a sociedade.

As características desta campaña son as desexables para futuras actuacións e, deste xeito, poder acometer unha actuación integral en todo o castro. A experiencia de anos anteriores, con actuacións puntuais, demostran que non resollen os problemas de conservación a longo prazo, polo que o máis recomendable sería actuar no futuro con campañas de restauración por barrios completos para chegar a unha consolidación integral de todo o asentamento.

Hai que salientar a importancia do mantemento periódico destes traballos para que resulten efectivos. A conservación de restos arqueolóxicos ao aire libre é unha loita continua ante as condicións medioambientais incontrolables. O mantemento inclúe o control do crecemento biolóxico que xa se leva a cabo periodicamente, preferiblemente na primavera. Ademais require unha vixilancia das actuacións para revisar que os materiais funcionen correctamente e, se fose preciso, repoñer nos puntos que perdan as calidades que se esixen como material construtivo. Por suposto é imprescindible detectar novas alteracións.

Queremos agradecer a todo o persoal implicado na Campaña 2008 que traballou con rigorosidade, profesionalidade e sobre todo con entusiasmo a pesar do frío, calor, choiva, ou vento... Sen eles todo isto non sería posible.

BIBLIOGRAFÍA:

BUCETA BRUNETI, G. (2001): "Proposta para unha diagnose do estado de conservación de xacementos e estruturas arqueolóxicas ao aire libre", *Labris* Nº2, Revista da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, Pontevedra, pp.15-22.

CARRERA RAMÍREZ, F. (1993): "La conservación en yacimientos arqueológicos", *Actas del curso Arqueología y Conservación*, Xinzo de Limia, Ourense.

PÉREZ PÉREZ, C.(2005): "Aproximación ao estado de conservación das estruturas do Castro de Viladonga", *Croa*, Nº 15, pp. 7-13

PLA, J. (1968): *Obra completa*, vol. XI, Barcelona, Destino.

RAMIL GÓNZALEZ, E. (2008): "Escavación arqueolóxica no Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo). Campaña 2008", *Croa*, Nº18, pp.4-13.

SILVA HERMO, B., PRIETO LAMAS. B, PEREIRA PARDO L.(2008): "Análise dos factores de degradación do Castro de Viladonga", *Croa*, Nº18, pp.14-19

Dedicámoslle este artigo a Carmen Rodríguez Díaz, gardiá do castro dende o ano 1998 ate o 2008, pola súa inestimable contribución á conservación e difusión do Castro de Viladonga